

# Manifesto da Iniciativa Cidadá de Mugardos

Existe un desexo de profundo cambio social, incubado durante anos con antecedentes nas políticas alternativas xurdidas en Porto Alegre, e que tivo no noso país o seu primeiro estoupido hai 4 anos no 15M e hoxe co nacemento de novas formas de estruturar a participación política da sociedade. En Mugardos somos tamén moita a xente que desexa dar ese paso histórico en prol de novas formas de facer política que, temos o convencemento, serán as que rexan o futuro. É por iso que:

- 1** Queremos recuperar un clima de convivencia política e veciñal. O enfrontamento partidario sistemático xera estigmas e desinterese nas persoas sobre a implicación na vida política e desacredita os/as representantes públicos. É imprescindible inverter esta situación tendendo pontes en lugar de cavar trincheiras.
- 2** Queremos asentar a transmisión do coñecemento das persoas que ocupen cargos públicos e a limitación temporal destes cargos para garantir a incorporación e renovación continua, en especial das xeracións máis novas. É importante unha formación continua e interna no Concello, pero tamén é importante que os cargos contén con capacidades e aptitudes para o desempeño das súas funcións.
- 3** Queremos pór o Concello ao servizo dos intereses e necesidades das veciñas/os, que os servizos públicos sexan xestionados dunha forma eficaz, e proporcionar ferramentas funcionais de xestión administrativa que permitan a axilización de procedementos e se garanta o mesmo trato a toda a cidadanía.
- 4** Queremos acabar cos enchufismo, amiguismo e co clientelismo no ámbito público. O Concello non pode ser un lugar para pedir favores, senón para reclamar os nosos dereitos.
- 5** Queremos fomentar o emprego de recursos humanos e técnicos máis sostibles ambiental e economicamente, como a tecnoloxía e software libre de restricións legais e económicas, así como publicar con licencias que permitan o uso e realización de traballos derivados sobre os datos elaborados con diñeiro público, de forma que sexan accesibles e poidan ser empregados por tódolos cidadáns.
- 6** Queremos fomentar o asociacionismo tanto político como veciñal, cultural ou deportivo no noso municipio, fomentando a participación cidadá nestes eidos.
- 7** Queremos establecer mecanismos de supervisión e control dos representantes políticos, e dar un paso firme cara unha democracia participativa, onde as decisións estratéxicas sexan referendadas ou tomadas pola veciñanza, e que esta dispoña de órganos de representación individual e colectiva con poder vinculante para o goberno municipal.
- 8** Queremos construír, tamén desde o Concello, modelos de desenvolvemento sostible en termos sociais e ambientais.
- 9** O patrimonio cultural, artístico e lingüístico forman parte do ben común e a institución municipal debe velar pola súa conservación e posta en valor, impulsando políticas potenciadoras da cultura.
- 10** Queremos un concello que marque o futuro tanto da Vila como das parroquias en igualdade de oportunidades. Derrubar os muros que separan o núcleo urbano dos núcleos que compoñen o municipio dende A Redonda ata San Xoán.

